Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro de Meirás

O castro de Meirás, Sada (A Coruña) ten una parte na que está oco e escóitase música Hai un tesouro enterrado, tapado cunha gran pedra cun aro de ferro no medio. Hai que di que viu a pedra pero que non a puideron erguer; uns aseguran que cadra polo centro da croa, outros que cara ao mediodía e outros que na parte baixa do amurallamento, en dirección á Torre de Hércules que se ve desde alí. Quen se atope ao anoitecer no lugar do tesouro verá unha pola de ouro cos seus pitos, mais non os poderá coller, que se perderán dentro do castro. Tamén se conta que no oco dunha rocha orientada cara o sur está encerrada una princesa encantada. Nas noites de lúa chea sae ao exterior e canta moi bonito, pero se alguén se lle achega, desaparece e xa non se volve a ver

BIBLIOGRAFÍA

COMENDADOR REY, B., FERRER CRUZ, J. eVÁZQUEZ COLLAZO, S., *Os castros do concello de Oleiros*, en Anuario Brigantino, 2007, nº 30, páx. 143-166.

GONZÁLEZ REBOREDO, J.Mª. *El folklore de los castros gallego*,. Universidade de Santiago de Compostela: 59, 1971.

LUENGO MARTÍNEZ, J. M., *Excavaciones en el Castro y la Necrópolis de Meirás*, Comisaría General de Excavaciones Arqueológicas, nº 23, 1950.